

CONVOCATORIAS AXUDAS PROPIAS 2018

Vicerreitoría de Investigación e Innovación

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación anuncia a apertura de **dúas convocatorias de apoio á actividade de investigación e produción científica** para a súa execución no ano 2018, unha Convocatoria de **Axudas Xerais á Investigación** dirixida a financiar necesidades de gasto singular e a publicación en aberto, e unha segunda Convocatoria de axudas específicas **á investigación nos Campus de especialización Campus Terra e Campus da Cidadanía**.

Ambas convocatorias están cofinanciadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A continuación resúmense as características principais das convocatorias

1. CONVOCATORIA DE AXUDAS XERAIS Á INVESTIGACIÓN ([ver convocatoria](#))

Convocada coa colaboración dos Vicerreitorados de *Estudantes e Internacionalización* e de *Planificación e Proxección Estratéxica*, estas axudas poderán financiar iniciativas nas seguintes modalidades:

- MODALIDADE 1.- Axudas dirixidas a financiar accións promovidas polos Grupos de Investigación que non teñan axudas de Grupo activas en 2018 correspondentes ao programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación Competitivas financiada pola Xunta de Galicia ou que se presentaran na convocatoria do programa no ano 2018.
- MODALIDADE 2.- Axudas abertas a todos os Grupos e dirixidas a mellorar a presenza da Universidade nos rankings internacionais incentivando a publicación en aberto nas máis prestixiosas publicacións do JCR.

Os grupos de investigación poderán presentar unha única solicitude a cada unha das modalidades desta convocatoria agás no caso da Modalidade 2 na que a presentación á categoría (c) é compatible coa presentación as categorías (a) ou (b).

- i. **Gastos Elexibles:** O importe destas axudas irá destinado a financiar, en todo ou en parte, os seguintes conceptos:

Modalidade 1:

- Obras de acondicionamento relacionadas co equipamento científico.
- Reparación, mantemento ou substitución de equipamento científico.

Modalidade 2:

- a) Publicacións en aberto no Q1 das revistas científicas do JCR publicadas ou aceptadas entre o 1 de decembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018.
- b) Publicacións nas revistas Nature e Science publicadas ou aceptadas entre o 1 de decembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018.
- c) Axuda adicional á produción científica do ano 2017 para aqueles grupos nos que todos os seus membros (PDI) teñan unha conta ORCID activa e actualizada no momento de solicitar a axuda.

ii. Procedemento e prazo de presentación de solicitudes

- Modalidade 1. Presentación do Formulario Anexo I : ata o **10 de setembro de 2018**
- Modalidade 2. Presentación do Formulario Anexo 2: (específico para as categorías a, b o c, ata o **30 de setembro** de 2018

As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, presentaranse a través da sede electrónica da USC adxuntando o seguinte formulario:

[Formulario Axudas Xerais á Investigación](#)

iii. Xustificación

- Modalidade 1: Os gastos deberán realizarse antes do **30 de novembro de 2018**,
- Modalidade 2. Os gastos deberán realizarse antes do **15 de novembro de 2018**,

2. CONVOCATORIA DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN NOS CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN CAMPUS TERRA E CAMPUS DA CIDADANÍA ([ver convocatoria](#))

A convocatoria ten por obxecto apoiar e impulsar os principios de especialización, excelencia científica, posicionamento internacional e impacto de resultados que definen a estratexia competitiva dos Plans Estratéxicos dos Campus de Excelencia Campus Terra e Campus da Cidadanía en materia de I+D. Con ese obxectivo xeral, as axudas poderán financiar iniciativas nas seguintes modalidades:

1. **Modalidade CAMPUS TERRA:** Axudas dirixidas a mellorar a capacidade de captación de recursos a través da presentación de proxectos colaborativos promovidos coa participación de varios grupos.
2. **Modalidade CAMPUS DA CIDADANÍA:**

- a. Axudas dirixidas a mellorar a mobilidade dos doutorandos, investigadores e profesores fóra do sistema universitario galego e promover estadias de investigadores visitantes estranxeiros para facilitar o *mentoring* dos investigadores en formación ao tempo que fortalecer as capacidades de I+D propias
- b. Axudas dirixidas a mellorar a capacidade de captación de recursos a partir da participación en convocatorias internacionais ou da presentación de proxectos colaborativos promovidos coa participación de varios grupos.

i. **Beneficiarios**

1. Modalidade CAMPUS TERRA: Propostas nas que participen dous ou mais grupos que figuren no Catálogo de Investigadores e Grupos de Investigación da USC con sede no Campus de Lugo e que non teñan axudas de Grupo activas en 2018 correspondentes ao programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación Competitivas financiada pola Xunta de Galicia ou que se presentaran na convocatoria do programa no ano 2018. A composición do grupo que se terá en conta para a avaliación das solicitudes será a existente na data desta convocatoria.
2. Modalidade CAMPUS DA CIDADANÍA: Propostas nas que participen grupos asociados aos Centros, Institutos e Departamentos definidos como base académica do Campus da Cidadanía no Plan Estratéxico (páx46-47) aprobado no Consello de Goberno de 1 de decembro de 2017¹

ii. **Conceptos subvencionables**

- A. MODALIDADE CAMPUS TERRA: A realización dos traballos conducentes ao deseño dun proxecto de investigación enmarcado nunha convocatoria de I+D+i activa en 2019, ou a realización de estudos conxuntos que favorezan a cooperación entre grupos de áreas científicas diferentes e o desenvolvemento de novas liñas e capacidades colaborativas.

Considéranse custos elixibles para estas accións os propios dun proxecto de investigación (funxible, mobilidade, asistencia técnica, servizos, persoal...)

- B. MODALIDADE CAMPUS DA CIDADANÍA:

- a) Gastos de mobilidade (viaxe e estadia) de doutorandos, investigadores e profesores que pertencen aos grupos elixibles nos termos sinalados no apartado 2 (Beneficiarios), ou ben de investigadores visitantes.

¹http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/web/descargas/Plan-Estratexico-Campus-da-Cidadania_USC.pdf

b) A realización dos traballos conducentes ao deseño dun proxecto de investigación enmarcado nunha convocatoria de I+D+i activa en 2019, ou a realización de estudos conxuntos que favorezan a cooperación entre grupos de áreas científicas diferentes e o desenvolvemento de novas liñas e capacidades colaborativas.

Considéranse custos elixibles para estas accións os propios dun proxecto de investigación (funxible, mobilidade, asistencia técnica, servizos, persoal...) ou das accións competitivas de mobilidade.

iii. Procedemento e prazo de presentación de solicitudes

- Modalidade Campus Terra: Anexo I.
- Modalidade Campus de Cidadanía: Anexo II (A) y/o (B)

Esta convocatoria **permanecerá aberta ata o 10 de setembro de 2018**

As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, presentaranse a través da sede electrónica da USC adxuntando o seguinte formulario:

[Formulario Axudas á Investigación nos Campus de Especialización Campus Terra e Campus da Cidadanía](#)

iv. Xustificación

Os gastos para ambas modalidades deberán realizarse **antes do 20 de novembro de 2018**, e a xustificación será enviada á Vicerreitoría de Investigación e Innovación antes do **1 de decembro**

Para calqueira aclaración sobre a convocatoria pode comunicarse vía correo electrónico a: recursoshumanos.programas@usc.es

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018